

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	Educación plástica, visual e audiovisual	CURSO	4º ESO
CURSO ACADÉMICO	2017-18	PROFESOR	Antonio García Pereira

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1 (Expresión plástica)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.
B1.2. Leis da composición.	1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.
B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.	1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.
B1.4. Cor como ferramenta simbólica.	1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.
B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.	1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.
	1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.	1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.
	1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.	1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.
	1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquejo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).	1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.

B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.	1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.
B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.	1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.
B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.	1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2 (Debuxo técnico)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.	2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.
B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.	2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.
B2.3. Tanxencias e enlaces.	2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.
B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.	2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.
B2.5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.	2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.
B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.	2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.
B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.	2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.
B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.	2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.
B2.9. Perspectiva cónica central.	2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.
B2.10. Perspectiva cónica oblicua.	2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.
B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.	2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.
B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.	2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3 (Fundamentos do deseño)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).	3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.
B3.2. Fases do proceso de deseño.	3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.
B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.	3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.
B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.	3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.
B3.5. Campos de aplicación do deseño.	3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.
B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.	3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.
B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.	3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.
B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.	3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.
B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.	3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.
B3.10. Planificación dun proxecto artístico.	3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4 (Linguaxe audiovisual e multimedia)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.	4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.
B4.2. Realización dun storyboard.	4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.
B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.	4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.
B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías.	4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.

B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.	4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.
B4.6. Creación dixital de imaxes.	4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.
B4.7. Deseño dun proxecto publicitario.	4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.
B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.	4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.
B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.	4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.



CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.

B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.

B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.

B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.

B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuir á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.

B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.

B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.

B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.

B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.

B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.

B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.

B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.

B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades

B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.

B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.

ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En cada avaliación valorarase tres partes diferenciadas: a parte teórica, a parte práctica e a parte de actitudes.

PARTE TEÓRICA

Esta parte terá como procedemento de avaliación as probas escritas.

As probas escritas serán tipo test de opción múltiple. Cada proba constará de vinte preguntas tipo tests, onde haberá que marcar unha opción de catro posibles por pregunta, en caso contrario a pregunta anularase. Tamén se anularán as preguntas que presenten borróns ou as que non apareza claramente cal é a opción marcada. Cada pregunta correcta valerá 0'5 puntos, mentres que as contestadas erroneamente restarán 0'05 puntos cada unha. Estas probas se realizaran con bolígrafo e no caso de

facen correccións, realizaranse cun corrector branco (Tippex ou similar). En caso de falta de asistencia o día do exame, haberá que presentar a pertinente xustificación para realizar o mesmo fora da data establecida. En caso contrario o exame será cualificado con 0 puntos.

PARTE PRÁCTICA

A parte práctica utilizará como procedemento de avaliación a realización de exercicios na aula. Farase unha distinción entre os traballos obrigatorios que permitan adquirir os contidos mínimos, e os traballos voluntarios de ampliación, destinados para aqueles/as alumnos/as que avancen a un ritmo maior. Os traballos obrigatorios realizaranse na aula, durante cada período lectivo, e so excepcionalmente se permitirá levar traballo para casa. Os traballos voluntarios se realizaran na aula sempre que non impidan a elaboración dun traballo obrigatorio.

Os traballos voluntarios puntuaranse inicialmente de 0 a 10, mentres que os voluntarios poderán ser valorados hasta un máximo de 12 puntos.

A cualificación numérica desta parte práctica obterase mediante una media ponderada, onde cada traballo será valorado en función dun peso asignado en base a súa duración (cada unidade de peso corresponderase aproximadamente cunha sesión de traballo). Por exemplo, a un traballo obrigatorio programado para unha única sesión corresponderalle un peso de 1, de forma que a súa puntuación máxima será de 10 (10 puntos X 1), mentres que a un traballo obrigatorio programado para dúas sesións, corresponderalle un peso de 2, sendo a súa puntuación máxima de 20 (10 puntos X 2). Polo tanto, aínda que cada traballo sexa valorado inicialmente de 0 a 10 puntos, ou de 0 a 12 puntos no caso dos traballos voluntarios, a porcentaxe de cada traballo respecto a cualificación numérica de parte práctica dependerá do peso asignado: un traballo de peso 2 valerá o dobre que uno de peso 1.

A cualificación numérica da parte práctica obterase sumando as puntuacións de todos os traballos que o/a alumno/a teña que entregar obrigatoriamente na avaliación, máis as puntuacións dos traballos voluntarios; dividindo esta suma entre a suma dos pesos asignados a estes traballos (obrigatorios + voluntarios realizados).

Se un/unha alumno/a falta de forma xustificada, non estará obrigado/a a presentar o traballo realizado durante a sesión de ausencia. Non obstante, en cada avaliación esixirase un número mínimo de traballos obrigatorios, polo que si un/unha alumno/a falta moito, aínda que sexa de forma xustificada, terá que presentar un número de traballos obrigatorios cuxa suma do peso asignado sexa igual o maior a metade da suma do peso asignado a tódolos traballos obrigatorios propostos na avaliación

Nos traballos obrigatorios, terase en conta a súa data de entrega, restándose por cada sesión que supere a data límite de entrega 0'25 puntos da súa puntuación inicial. Por exemplo, un traballo de peso 2 que, valorado inicialmente en 7 puntos, sexa entregado dúas sesións tarde, será puntuado cun 13, xa que ós 7 puntos iniciais, restaráselle 0'25 x 2, sendo multiplicada a nota obtida (6'5) polo peso asignado ó traballo: $6'5 \times 2 = 13$. Non se contará como retraso os días de ausencia xustificadas, sempre que se presente a correspondente xustificación dentro dos 7 días naturais posteriores a falta de asistencia. No caso dunha ausencia de varios días continuados, deberá presentarse a pertinente xustificación dentro dos 7 días naturais posteriores ó último día de ausencia. Tampouco se contará como retraso os días nos que o/a alumno/a acuda a actividades extraescolares ou complementarias, nin os días nos que a actividade lectiva normal sexa suspendida.

A hora de establecer as datas límite de entrega, terase en conta a evolución e ritmo de traballo da maioría dos/as alumnos/as. Unha vez rematada cada avaliación, non se terán en conta as datas de entrega. Os traballos obrigatorios non entregados obterán unha cualificación de 0 puntos. Os traballos voluntarios de ampliación non terán data máxima de entrega, podendo ser entregados en calquera momento do ano académico, antes da avaliación ordinaria do mes de xuño.

PARTE ACTITUDINAL

Esta parte basearase na observación do traballo de aula. Para a súa cualificación, en cada avaliación, tódolos/as alumnos/as partiran cunha puntuación de 10, e a medida que vaian acumulando puntos negativos a súa cualificación irá baixando. Non haberá puntos positivos xa que e deber do/a alumno/a traballar na aula, comportarse axeitadamente, traer o seu propio material e coidar el material común da aula (mesas, cadeiras ...).



O valor de cada punto negativo será de 0'25 puntos, podendo rexistrar cada alumno/a un máximo de oito puntos negativos por sesión: un por falta de puntualidade inxustificada, outro por falta de traballo, outro por non traer material e hasta catro por conduta indisciplinada leve ou moderada na aula. Ademais, serán motivo de apercibimento cando un/unha alumno/a sexa advertido/a en reiteradas ocasións por conduta indisciplinada, ou cando presente unha conduta indisciplinada grave. En tales casos, o apercibimento equivalerá a 10 puntos negativos, restando 2'5 puntos da cualificación en actitudes. Os apercibimentos serán comunicados por escrito á xefatura de estudos. Cando un/unha alumno/a falte de forma inxustificada, cada sesión de ausencia restará 0'25 puntos da cualificación en actitudes.

A cualificación mínima nas actitudes será de 0 puntos, aínda que o/a alumno/a supere os 40 negativos, o cal suporía obter un nota negativa inferior a 0 puntos.

PROMOCIÓN

Para establecer a cualificación numérica de cada alumno/a, de forma ordinaria, en cada unha das avaliación establecerase á seguinte distribución de porcentaxes: a parte práctica suporá o 54% da cualificación da avaliación, a parte teórica valoraranse nun 36% e a parte de actitudes co 10% restante. Non obstante, esta distribución ordinaria poder ser excepcionalmente modificada nos seguintes casos: Para a avaliación das actitudes en cada avaliación é necesario que o/a alumno/a asista como mínimo á metade das sesións programadas inicialmente. No caso contrario, non se valoraran as actitudes, obténdose a nota da avaliación a partir da parte práctica, que suporán o 40%, e da parte teórica, que valerán o 60% restante. Sen embargo, se a nota obtida así resulta máis alta que a obtida polo sistema normal de cualificación explicado no primeiro parágrafo deste punto, nese caso non se aplicaría esta excepción e si se terían en conta as actitudes, aplicándose as porcentaxes ordinarias de cualificación (práctica 54%, teoría 36% e actitudes 10%), independentemente de se o/a alumno/a acade ou non o número mínimo de sesións de asistencia.

Para obter unha cualificación positiva de cinco ou mais puntos, en cada avaliación será necesario que o/a alumno/a acade como mínimo 3 puntos sobre un máximo de 10 nas partes práctica e de actitudes. Nas actas de avaliación, o redondeo das cualificacións realizaranse do seguinte xeito:

As cualificacións comprendidas entre...	redondearanse a ...
0'00 e 1'74	1
1'75 e 2'74	2
2'75 e 3'74	3
3'75 e 4'74	4
4'75 e 5'74	5
5'75 e 6'74	6
6'75 e 7'74	7
7'75 e 8'49	8
8'50 e 9'24	9
A partir do 9'25	10

Excepcionalmente, cando un/unha alumno/a obteña un mínimo de 5 puntos en actitudes e un mínimo de 4 puntos nas partes de teoría e práctica, a partir do 4'60 se redondeará a 5. De xeito semellante, cando un/unha alumno/a obteña un mínimo de 5 puntos nas tres partes (actitudes, teoría e practica, a partir do 5'60 se redondeará a 6 e a partir do 6'60 se redondeará a 7. No caso de que se obteña un mínimo de 6 puntos nas tres partes, a partir do 7'60 redondearase a 8.

Para a cualificación da avaliación final ordinaria do curso no mes de xuño utilizarase as porcentaxes explicadas anteriormente, coas súas excepcións e os mesmos criterios de redondeo.

A nota da parte práctica obterase sumando as puntuacións de todos os traballos do curso que o/a alumno/a teña que entregar obrigatoriamente, máis as puntuacións dos traballos voluntarios; dividindo esta suma entre a suma dos pesos asignados a estes traballos (obrigatorios + voluntarios realizados).

A nota da parte de teoría sairá da media aritmética das partes teóricas de cada avaliación.

A nota da parte de actitudes sairá da media aritmética das correspondente notas de actitudes de cada avaliación. Os/as alumnos/as que non asistan como mínimo á metade das sesións programadas inicialmente en todo o ano académico, non se lles valoraran as actitudes, obténdose a cualificación final a partir das partes práctica e teórica, segundo as porcentaxes explicadas anteriormente. No caso dun/unha alumno/a que se incorpore na segunda avaliación e acade o número mínimo de asistencia, a súa nota de actitudes sairá da media aritmética das notas de actitudes da 2ª e da 3ª avaliación.

En todo caso, será indispensable obter un mínimo de 3 puntos en cada unha das tres avaliacións. Senón a nota final será de INSUFICIENTE, e haberá que presentarse a convocatoria extraordinaria do mes de setembro.

A proba da avaliación extraordinaria de setembro consistirá na realización dunha proba escrita, a cal constará de 40 preguntas tipo test, onde haberá que marcar unha opción de catro posibles por pregunta, en caso contrario a pregunta anularase. Tamén se anularán as preguntas que presenten borróns ou as que non apareza claramente cal é a opción marcada. Cada pregunta correcta valerá 0'25 puntos, mentres que as contestadas erroneamente restarán 0'025 puntos cada unha. A proba realizarase con bolígrafo e no caso de facer correccións, realizaranse cun corrector branco (*Tippex* ou similar).

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.